



## Concello de Xinzo de Limia

---

# I CERTAME DE RELATO BREVE “TODOS OS DEREITOS. TODAS AS MULLERES. TODOS OS DÍAS”

En conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller. Organizado pola Concellaría de Igualdade do Concello de Xinzo de Limia.

### Participantes

O certame diríxese a todas as persoas que desexen participar, con independencia da súa idade, do seu sexo, da súa nacionalidade ou do seu lugar de residencia.

### Temática

Todas as obras presentadas versarán sobre o feminismo e a súa historia, o valor da igualdade e da non discriminación por razón de sexo, a axenda pendente das mulleres, as mulleres no mundo e as mulleres que fixeron e fan historia. Non se admitirán contidos que inclúan linguaxe malsoante, alusións a terceiras persoas, mensaxes discriminatorias ou que puideran ser considerados apoloxía do odio.

### Condicións

- Os traballos deberán ser inéditos, en galego, e non presentados, co mesmo ou con outro título, a ningún outro certame pendente de resolución.
- O estilo será **narrativa, tipo relato curto**, cunha extensión que non poderá superar as **dúas páxinas en letra Arial de 12 puntos con interliñado normal**.
- O relato deberá estar escrito con linguaxe non sexista.
- O relato non poderá levar sinatura nin sinal identificativo que indique a súa procedencia.





## Concello de Xinzo de Limia

---

- O relato deberá aparecer cun título e asinado con pseudónimo.

### Entrega dos relatos

Entrega presencial en formato papel:

- Entregaranse no Rexistro da Casa do Concello nun sobre pechado.
- Adxuntarase a obra e, aparte, un sobre co título da mesma, nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono e/ou correo electrónico, idade e o mesmo pseudónimo co que asinou o relato.

Entrega online:

- Enviarase ao correo: **igualdade@xinzo.gal**, en formato electrónico (pdf, doc, docx, odt ou rtf) indicando no asunto: CERTAME DE RELATO BREVE 8M
- Axuntárase o arquivo do relato (preferiblemente nos formatos sinalados) asinado con pseudónimo. No corpo do correo achegaranse os datos: título da obra, nome nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, idade e o mesmo pseudónimo co que se asinou o relato.

As/os participantes autorizan a que os datos persoais facilitados sexan incorporados a un ficheiro propiedade do Concello de Xinzo de Limia, que os empregará exclusivamente para contactar coas gañadoras ou gañadores, entregarlles os premios e enrialles as comunicación necesarias. Estes datos serán tratados confidencialmente e de conformidade coa lexislación vixente.

### Categorías

**Categoría A - Xuvenil:** 12 a 18 anos (ambos inclusive).

**Categoría B - Adulto:** maiores de 18 anos.

### Prazos

O prazo de presentación remata o **13 de marzo ás 23:59h**. Calquera relato recibido con posterioridade a esta data non será tido en conta.





## Concello de Xinzo de Limia

---

### Xurado

O xurado será paritario, composto por 6 persoas relacionadas co mundo literario e co mundo do feminismo, elixidos pola Concellaría de Igualdade do Concello de Xinzo de Limia.

A súa decisión será inapelable e farase pública na páxina web do Concello de Xinzo de Limia.

### Premios

Establécense dous premios en cada unha das categorías:

#### A- Categoría Xuvenil

1º Tablet

2º Auriculares inalámbricos

#### B- Categoría Adulto

1º Tablet

2º Auriculares inalámbricos

### Cesión de dereitos

Os traballos premiados quedarán en propiedade do Concello de Xinzo de Limia, que poderá publicalos facendo sempre mención ao autor ou autora.

O Concello resérvase o dereito a publicar calquera dos relatos recibidos, facendo mención expresa ao autor ou autora. O Concello non devolverá os relatos orixinais.

Os gañadores ou gañadoras outorgarán o seu permiso para que o contido dos seus relatos poida ser empregado por parte do Concello de Xinzo de Limia, no formato e cas modificacións que estime necesarias, para campañas e materiais destinados a fomentar a igualdade e combater a violencia de xénero.

### Aceptación

A participación implica a plena aceptación destas bases.





## Concello de Xunzo de Limia

---

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE



Cod. Validación: 47AFN9PH2S7NE23GGY5WV6DHT | Corrección: <https://xunzodelimia.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4